

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

EXTRACTO da Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

BDNS (Identif.): 433737.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS):

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser destinatarias das subvencións para o desenvolvemento das actuacións reguladas nesta convocatoria as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran as obrigas e requisitos exixidos nesta resolución e normativa xeral de subvencións, e de xeito particular deben cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, regulado polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Ter o seu domicilio social en Galicia ou delegación na Comunidade Autónoma.

d) Non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estaren incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante declaración responsable da persoa representante da entidade.



e) Cumprir os requisitos e as condicións establecidos nesta resolución e na normativa xeral de subvencións.

Segundo. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e convocar para o ano 2019 as subvencións ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de apoiar a recuperación e a integración social e laboral destas persoas.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

Cuarto. *Importe*

Para a concesión destas axudas destínase un orzamento total de catrocentos cincuenta mil euros (450.000 €), que se imputarán á aplicación orzamentaria 05.11.313D.481.1 (código de proxecto 2016 00019).

O importe máximo subvencionable será de 70.000 €, sen que en ningún caso se poida superar a contía solicitada. Sobre o importe máximo anterior aplicaranse as porcentaxes de intensidade de axuda establecidos na convocatoria, en función da puntuación obtida na valoración realizada unha vez aplicados os criterios establecidos.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2018

Susana López Abella
Secretaria xeral da Igualdade

